

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	IES do Barral	Ponteareas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proxecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.
2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.
3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.
4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES do Barral que cursa a materia de Economía e Emprendemento. Hay dous grupos neste curso. No grupo un son 20 os alumnos/as matriculados/as, mentres que no grupo dous son 28 persoas. Neste último grupo, todas as sesións se imparten a última hora da mañá e isto pode perxudicar a que o seguimento da materia sexa idéntico nos dous grupos. Tamén se trata dun perfil académico máis baixo e dun número sustancialmente maior de alumnado. Pese a ser o currículo e as actividades propostas as mesmas, pode que os resultados obtidos logo do primeiro trimestre fagan que os niveis alcanzados nestes dous grupos teñan que ser algo diferentes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O emprendemento e a importancia das empresas	O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións e o traballo colaborativo.	13	14	X		
2	Creando unha empresa	Análise da contorna na búsqueda de oportunidades innovadoras e viables. Aspectos básicos para comezar unha idea emprendedora.	20	21	X		
3	O proxecto emprendedor.	Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Realización da parte comercial e de venda.	13	13	X	X	
4	Inversión e financiamento.	O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros.	21	22		X	
5	A economía como ciencia.	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións. Os principais indicadores económicos para	20	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A economía como ciencia.	medir a saúde económica dunha rexión.	20	14			X
6	O mercado e a economía social	O funcionamento dos mercados e as súas limitacións. Sistemas económicos. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.	13	21			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O emprendemento e a importancia das empresas	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autocoñecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Realizar a análise DAFO propia. Valorar o proceso emprendedor como forma de enriquecemento persoal e social.		
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identificar as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora.		
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Valorar as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.		
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Utilizar habilidades sociais propias da persoa emprendedora tanto no traballo individual como en grupo.	TI	100
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Validar as ideas e solucións propostas mediante técnicas comunicativas.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Adquirir habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual.		
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Constituír equipos de traballo que traballen en común de xeito democrático.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Poñer en práctica habilidades sociais, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais e respectando as decisións tomadas de forma colectiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia económica e social da persoa emprendedora. - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - -Autoconfianza, autoconecemento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. - -Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora. - -Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo. - -Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender. - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
2	Creando unha empresa	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Avaliar o impacto das ideas innovadoras na sociedade.	PE	80
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Construír ideas creativas e sostibles.		
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Promover o desenvolvemento de actitudes creativas.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Explicar os elementos necesarios para poñer en marcha un proxecto empresarial viable seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao proxecto en cuestión.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de creación de empresas.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos a proxectos concretos.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	TI	20
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil. - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A visión emprendedora. - Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa. - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.

UD	Título da UD	Duración
3	O proxecto emprendedor.	13

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor.	TI	100
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos.		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas.		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O reto ou o desafío como obxectivo. - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. - Desenvolvemento áxil do produto. - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.

UD	Título da UD	Duración
4	Inversión e financiamento.	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Explicar o papel do sistema financeiro e da súa implicación na vida de particucales, autónomos e empresas.	PE	80
CA3.5.2. - Coñecer as diferentes formas de financiación para o desenvolvemento persoal e da empresa.	Coñecer as diferentes formas de financiación para o desenvolvemento persoal e da empresa.		
CA3.5.1. - Adapar o proxecto de empresa aos termos financeiros coa finalidade de captar os recursos necesarios.	Adapar o proxecto de empresa aos termos financeiros coa finalidade de captar os recursos necesarios.	TI	20
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema financeiro. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
5	A economía como ciencia.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6.1. - Interpretar o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos	Interpretar o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6.2. - Ofrecer solucións relacionada coa reutilización dos recursos para contribuir á sostibilidade do sistema.	Ofrecer solucións relacionada coa reutilización dos recursos para contribuir á sostibilidade do sistema.	TI	20
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións. - A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. - O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
6	O mercado e a economía social	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Resaltar as propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	TI	100
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.

Contidos

- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe
- Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.
- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A aprendizaxe deberá basearse nos contidos teóricos aplicados á práctica, á realidade económica e a exemplos concretos. Será necesario a atención e seguimento para poder formar unha aprendizaxe significativa, para o que as actividades terán esta finalidade. A interacción entre profesor-alumno e alumno-alumno tamén será determinante no proceso de aprendizaxe.

Estratexias didácticas

A estratexia de ensino, tamén dirixida ao desenvolvemento do constructivismo no alumno, ha de ter unha estrutura común ao longo das diferentes unidades didácticas. En primeiro lugar é importante preparar as unidades didácticas cunha estrutura similar e sintáctica que inclúa:

- Unha presentación relacionando a nova unidade con unidades anteriores. Neste punto explicárase de forma moi xeral os aspectos clave a tratar, mencionárase a importancia da unidade, a relación coas anteriores e como nos servirá no futuro. Trátase tamén de motivar ao alumno recorrendo a preguntas que poden estar a xurdir na actualidade e consultando noticias de prensa.
- Un desenvolvemento da unidade, atendendo a unha estrutura organizada que nos permita volver sobre as noticias de prensa antes presentadas e chegar a comprendelas mellor. Deste xeito ou alumno, ao principio da unidade, busca e espera ser capaz de entender mellor estas noticias a medida que se vai desenvolvendo a unidade. Neste punto pódense presentar novos exemplos máis complexos.
- Por último un repaso que contribúa á mellorar da aprendizaxe para a seguinte unidade. A estratexia ha de pasar por preguntas periódicas e realización de esquemas que axuden ao alumnado a situarse e assimilar o temario, polo menos a grandes trazos.

Organización da ensinanza:

Alguns aspectos organizativos que marcarán o normal desenvolvemento da materia son os seguintes:

- Fixar unha forma de traballo habitual en todas as unidades tendentes a que o alumnado saiba en todo momento cal é o seguinte paso a dar, que se lle esixe e cando, para que poida organizarse e contribuír ao auto aprendizaxe. Por exemplo a explicación de conceptos seguido de actividades asociadas. Presentación de resultados ao día seguinte, resolución de dúbidas e continuar cos seguintes conceptos.
- Situacións de aprendizaxe. Os estudantes Terán que trasladar os contidos teóricos a situación prácticas, normalmente materializándose no proxecto do trimestre, que terá continuidade dentro do trimestre.
- Traballallo individual e colaborativo. Propóranse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Nas tarefas grupais avaliaráranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

Sobre a avaliación:

Ao inicio de cada unidade didáctica expóranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

O departamento traballará dende o inicio para comprobar quen ten acceso a internet e recursos dixitais suficientes para o desenvolvemento de actividades básicas en liña coma cuestionarios ou recepción e entrega de exercicios. Os problemas derivados da desigual situación dos estudantes serán trasladados ao equipo directivo quen, en caso de posible confinamento ou semipresencialidade, velarán pola dotación de recursos a esta parte do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos subidos polo docente a Edixgal e que terán que imprimir.
Libreta para apuntamentos e exercicios.
Ordenadores EDixgal de alumnos co software predeterminado.
Aula virtual do centro (EDixgal) en webs dinámicas.
Biblioteca e aula de polos creativos.
Ordenador de aula con proxector, altosfalantes e pantalla táctil.
Actividades complementarias.
Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

A proba escollido para este curso académico é unha proba PISA sobre cultura financeira do ano 2014.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	20	13	21	20	13	100
Proba escrita	0	80	0	80	80	0	49
Táboa de indicadores	100	20	100	20	20	100	51

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación parcial

Calcularase como media ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. Para concretar este aspecto, debe atenderse ao seguinte:

- Cada trimestre contará cun exame (recuperable): O valor para a nota do trimestre será do 50%. Para aprobar cada un dos exames o alumno/a ten que obter unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 ou 2,5 sobre 5. Non se fará media entre os exames do mesmo trimestre se algún deles conta cunha a nota inferior a 3 sobre 10 ou 1,5 sobre 5. O feito de copiar durante un exame implicará unha nota de 0 puntos, polo que será imposible a media co resto de exames e, por conseguinte, terá a avaliación suspensa. Se non se pode presentar a un exame, necesítase xustificar a falta para repetir o exame. De non facelo a cualificación será de cero puntos.

- Traballos de investigación, exposicións en clase e probas orais. O seu valor para a nota final de cada trimestre será do 40%. Este poderá ser avaliado de forma individual ou grupalmente. Programarase a entrega de cada traballo para unha semana en concreto. Se dita semana non se presenta o traballo en ningunha das sesións, constará como non presentado, cunha nota de cero puntos.

- Traballo autónomo e seguimento da materia, valorada mediante a vixilancia das actividades diarias encomendadas para facer na clase e na casa, con carácter de apoio ao estudo, terá un peso do 10% da nota final do trimestre. Para a súa comprobación, o docente revisará sempre que sexa posible (ou por medios telemáticos) a execución das tarefas e repartirá o peso desta parte entre o nº de entregas avaliadas durante este seguimento.

En calquera das formas de avaliación anteriores, reiterase a importancia da corrección da expresión escrita, ademais de cualificar o contido. Neste sentido, valorarase :

- A capacidade de redacción, manifestada mediante a exposición ordenada das ideas, que indique a real comprensión do que se está explicando.
- A aplicación lóxica de razoamentos e cálculos pertinentes.
- A habilidade para relacionar ideas, conceptos e contidos do tema, sendo capaz de resumir contido creando valor.

En canto ao redondeo, dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación da avaliación final

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.

Critérios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. Os prazos encomendados son de obrigado cumprimento para que a tarefa se acepte e avalíe.

Non existe a posibilidade de avaliarse de todo o contido a finais de curso pois rompería a idea de avaliación progresiva estipulada e o fomento do traballo diario individual e colectivo.

A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos. A cualificación da avaliación final será calculada como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais superadas.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. Inclúense aquí sesións extraordinarias coma reunións nos recreos para clarificar e explicar aspectos que non se comprenden.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

- Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento. En todo caso, de detectarse situacións desta natureza, sería necesario contar con profesionais expertos que apoiem o proceso de aprendizaxe na aula, posto que con clases de 28 alumnos non é posible chegar a involucrarse na realidade persoal de cada un deles sen descoidar a aprendizaxe do resto da clase.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe, cando así se requira e considere.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X			X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico				X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X			X		X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade		X	X			X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria.	Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro.	X		
Feira do Nadal de iniciativas emprendedoras	Na semana do 11 de decembro o alumnado preparará os seus produtos (cada grupo porá á venda 4 mostras). Na semana do 18 de decembro o alumnado preparará uns <i>¿stands¿</i> para expor o seu resultado nos recreos desa semana. Intentarán vender esas 4 mostras, sendo o diñeiro recaudado en cada stand para cada grupo. Aqueles que o desexen poderán seguir vendendo o seu produto fora do instituto.	X		
Participación en concursos de innovación educativa asociado cos contidos da materia (Concurso Young Business Talentes.)	Os estudantes participan en grupos de 4 persoas no concurso YBT no cal Terán que dirixir e tomar decisión empresariais relacionadas cunha empresa que vende cremas. Ocupará unha clase semanal dende novembro ata febreiro.	X	X	
<i>¿SEGURAMENTE¿</i> Programas Eduemprende.	Desenvolver actividades para que o alumnado aprenda, dun xeito activo, educación financeira para a vida actual a través dunha aprendizaxe multidisciplinar e transversal para prepararlos para a súa vida adulta.		X	
Visita empresa en Vigo.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos, proponse a visita a PSA Peugeot Citroën. Poderán distinguir as múltiples tarefas necesarias para a posta en marcha dunha actividade empresarial de gran envergadura.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación de tempos, seguimento dos aspectos legislativos.

Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Metodoloxía empregada
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Clima de traballo na aula
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Propón ao final unha avaliación do profesor por parte dos estudantes.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Outros
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- Planificación,
- Metodoloxía,
- Organización,
- Atención á diversidade,
- Clima de traballo na aula
- Coordinación con outros docentes,
- Outros.

Valoraranse, seguindo as especificacións anteriores de cada indicador de logro, de 0 a 5.

Os obxectivos da avaliación da práctica docente son:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.

- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados